

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B).

BDNS (Identif.): 671817.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

En función do tipo de axuda que se solicite, poderán ser beneficiarias as seguintes persoas:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

– Submedida 4.1 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias, código de procedemento MR405A).

a. Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias.

b. Persoas agricultoras mozas que se instalen nunha explotación de nova creación.

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

– Submedida 6.1 Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas (código de procedemento MR404A).

Calquera persoa física que, no momento de presentar a solicitude, non teña máis de corenta anos, conte coa capacidade e competencias profesionais adecuadas e se instale nunha explotación agraria por vez primeira como xefa da dita explotación.



– Submedida 6.3 Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (código de procedemento MR405B).

Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2023 as seguintes liñas de axuda incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, en réxime de concorrencia competitiva:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

– Submedida 4.1 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas.

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

– Submedida 6.1 Creación de empresas para as persoas agricultoras mozas.

– Submedida 6.3 Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Estas axudas teñen como finalidade:

a) Incrementar a competitividade e o rendemento global das explotacións mediante a súa modernización.

b) Asegurar a competitividade e a continuidade do tecido agrario.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B).



Cuarto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

